



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP Virxe do Rocío

Rúa Rocio 70

36208 Vigo

☎ 886120862 📄

ceip.virxe.rocio@edu.xunta.gal

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxerocio/>

galicia

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

**CENTRO: CEIP VIRXE DO ROCÍO COD. 36010009**

**CURSO:**

**DATA:10-05-2020**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
	CIENCIAS DA NATUREZA
B1.2. Establecer conxecturas de sucesos ou problemas que ocorren no seu contorno por medio da observación e obter unha información.	CNB1.2.2. Emprega axeitadamente o vocabulario que corresponde a cada un dos bloques de contidos.
B2.1. Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento.	CNB2.1.2. Recoñece a importancia dos sentidos para a relación co medio e as formas de coidalos.
B2.2 Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.	CNB2.2.3. Recoñece algúns factores que producen as enfermidades máis habituais (carie, catarros, gripe, obesidade) e aplica actuacións para á súa prevención.
B3.1. Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais, plantas e rochas do seu contorno próximo, recoñecendo as súas características principais, buscando información en fontes variadas.	CNB3.1.1. Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico. CNB3.1.2. Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica plantas do seu contorno, con criterio científico.
B3.2. Planificar, observar e comparar, empregando os instrumentos e o material necesarios e rexistrar de forma cooperativa, algún proceso asociado ao ciclo vital dun ser vivo contrastando os rexistros propios e os dos compañeiros con información doutras fontes. Comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando soportes textuais variados.	CNB3.2.1. Coñece e explica as funcións de relación, reprodución e alimentación.
	CIENCIAS SOCIAIS
B1.1. Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación	CSB1.1.3. Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.

do resultados.	
B1.3.Coñecer e utilizar as palabras claves e conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais, así como comprender diferentes linguaxes recollidos en textos de carácter social, xeográfico ou histórico.	CSB1 3.1.Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais.
B2.2.Explicar e comparar as distintas formas de representar a superficie terrestre identificando os polos, o eixe e os hemisferios e analizar cal delas reflicte mellor a realidade á que representa.	CSB2.2.1.Explica e compara as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos identificando polos, eixe e hemisferios.
B2.7.Adquirir o concepto de litosfera, coñecer algúns tipos de rochas e a súa composición identificando distintos minerais e algunha das súas propiedades e usos. Facer especial fincapé nos que son propios de Galicia	CSB2.7.1.Observa, identifica e explica a composición das rochas nomeando algúns dos seus tipos
B2.8.Describir as características do relevo de Galicia e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa.	CSB2. 8.2 Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de Galicia.
B3.6. Coñecer e respectar as normas de circulación e fomentar a seguridade viaria en todos os seus aspectos.	CSB3 6.1.Explica normas básicas de circulación e as consecuencias derivadas do descoñecemento ou incumprimento destas.
B4.1.Explicar as características de cada tempo histórico estudado e certos acontecementos desas épocas que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia.	CSB4.1.1.Define o concepto de prehistoria e historia, asociándoa as distintas idades aos feitos que marcan o seu inicio e final.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

	L.L CASTELA
B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, escoitar.	LCB1.1.1. Expresa ideas, pensamentos, opinións, sentimentos con certa claridade.
B1.4. Facer hipóteses sobre o significado de palabras sinxelas a partir do seu contexto de uso.	LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación.
B1.5. Recoñecer o tema e as ideas principais dos textos orais sinxelos.	LCB1.5.3. Responde preguntas correspondentes á comprensión literal.
B1.7. Producir textos orais breves e sinxelos dos xéneros máis habituais imitando modelos e adecuados ao seu nivel	LCB1.7.1. Elabora, imitando modelos, textos orais breves e sinxelos atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).
B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía..	LCB2.2.2. Resume textos lidos, de diferente tipoloxía, adecuados a súa idade e reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais.
B3.8. Escribir os textos establecidos no Plan de escritura.	LCB3.8.1. Produce os textos establecidos no plan de escritura axeitados á súa idade e nivel.
B5.4. Producir a partir de modelos dados textos literarios en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións e fragmentos teatrais.	LCB 5.4.1. Crea, con axuda, sinxelos textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados.

	MATEMATICAS
B1.1. Expresar verbalmente de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema.	MTB1.1.1. Comunica verbalmente de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema de matemáticas ou en contextos da realidade.
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor.	MTB2.2.1. Descompón, compón e redondea números naturais e decimais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.

B2.4. Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.	MTB2.4.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división (de ata dúas cifras) con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás. MTB2.4.3. Elabora e emprega estratexias de cálculo mental.
B3.3. Coñecer as unidades de medida do tempo e as súas relación, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.	MTB3.3.1. Resolve problemas da vida diaria utilizando as medidas temporais e as súas relacións.
B3.4. Coñecer o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea.	MTB3.4.1. Coñece a función, o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais coma figuradas.

	LINGUA GALEGA
B1.1. Comprender o sentido global de textos orais informativos dos medios de comunicación audiovisuais emitidos con claridade, de xeito directo e estilo sinxelo.	LGB1.1.2. Elabora un breve resumo dun texto oral.
B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo e esquematizar e resumir o seu contido.	LGB2.3.3. Realiza o resumo dun texto sinxelo.
B2.10. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de	LGB2.10.2. Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas

expresar preferencias.	
B3.3. Elaborar textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información.	LGB3.3.1. Elabora por escrito textos moi sinxelos do ámbito académico (cuestionarios, resumos, informes sinxelos, descrições, explicacións...) para obter, organizar e comunicar información.
B4.3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como construír correctamente as oracións desde o punto de vista sintáctico, nas producións orais e escritas..	LGB4.3.2. Usa unha sintaxe elemental adecuada nas súas producións.
B5.1. escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos procedentes da literatura popular galega, así como da literatura galega en xeral.	LGB5.1.1. escoita, memoriza e reproduce textos procedentes da literatura popular oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos) e da literatura galega en xeral.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 6 DE 13	CEIP.VIRXE DO ROCÍO COD. 36010009
	1ª Avaliación	2ª Avaliación
	50%	50%

## 2. Avaliación e cualificación

### Avaliación

#### Procedementos:

- Análise da participación e rendemento do alumnado polas actividades levadas a cabo de xeito telemática, a través de distintas plataformas e de outros canles de difusión que están en funcionamento para aqueles alumnos que por diversos motivos non poden acceder aos canles telemáticos.
- Observación a través de fotografías, presentacións ou textos enviados por tokapp ou ao correo electrónico. Tamén se terán en conta as charlas telefónicas e as conversas a través das videoconferencias.
- Análise dos resultados das actividades que realizan en liña, xa ben sexa de entrega a través dos distintos medios de comunicación, Wassap, gmail Tokapp,...
- Valoración do acompañamento co que conta o alumnado á hora da realización das tarefas e dos medios dos que dispón.

#### Instrumentos:

- Traballo sistemático e directo a través de tokapp, creouse un chat para a comunicación co alumnado. Realízanse chamadas diarias e videoconferencias semais para solventar dúbidas ou axudar na resolución de calquera problema que poida xurdir na medida do posible ao alumnado.



- Todas e cada unha das escritas: cartas, redaccións, descrições. Valorarase tamén a organización, ortografía, caligrafía e limpeza dos mesmos.
- Cuestionarios
- Tarefas diarias.
- Experimentos
- Inventos
- Dramatizacións variadas
- Actividades xerais de centro.
- Lista de cotexo do rendemento e a participación do alumnado a través da conta de correo, do drive e vídeo conferencia e chamadas telefónicas.
- Participación de actividades sobretudo orais variadas a través da vídeo conferencia e teléfono.
- Tarefas competenciais:
  - ✓ Presentacións dos resultados de investigacións.
  - ✓ Actividades de comprensión lectora e expresión escrita creativa.
  - ✓ Actividades de razoamento lóxico matemático
  - ✓ Actividades de inferencias e xogos variados.
  - ✓ Anuncios publicitarios, cartaceces...etc
  - ✓ Construción de inventos
  - ✓ Elaboración de experimentos

<b>Cualificación final</b>	<p><b>Criterios de ponderación:</b></p> <p>Segundo as Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia: “A avaliación e cualificación do alumnado: a avaliación e cualificación adaptarase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado.”</p> <p>A avaliación e a cualificación se realizará, tendo en conta as aprendizaxes adquiridas nos dous primeiros trimestres do curso , así como as actividades desenvolvidas durante o terceiro trimestre. Esta avaliación será contínua é a avaliación das actividades, na fase non presencial, sempre terá unha valoración positiva para a cualificación do alumnado.</p>



### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

#### ACTIVIDADES XERAIS DE CENTRO:

Con data 12 de maio, as actividades propostas ata este momento son as que seguen:

- ✓ ENIGMAS DO DOUTOR BACILUS.  
<https://virxedorocio.blogspot.com/search/label/Enigmas>
- ✓ CREANDO HISTORIAS CON LIBROS:  
<https://virxedorocio.blogspot.com/search/label/Creando%20historias%20cos%20libros%20de%20...>
- ✓ BOOKTUBERS NA CASA  
<https://virxedorocio.blogspot.com/search/label/booktubers%20na%20casa>
- ✓ TELERESÍO <http://virxedorocio.blogspot.com/search/label/TELERES%C3%8DO>
- ✓ MENSAXES EN TEMPO DE CONFINAMENTO #NaCasa
- ✓ REPLICAMOS PORTADAS. <http://virxedorocio.blogspot.com/2020/05/replicamos-portadas.html>
- ✓ EXPOSICIÓN VIRTUAL RECICLA E CREA CON LIBROS,  
<http://virxedorocio.blogspot.com/2020/04/recicla-e-crea-con-libros-na-casa.html>
- ✓ DÍA DO LIBRO #NaCasa, <http://virxedorocio.blogspot.com/2020/04/23-abril-dia-do-libro.html>
- ✓ ESCENIFICACIÓN DE CANCIÓNS, <http://virxedorocio.blogspot.com/2020/04/dia-36-na-casa.html>
- ✓ CONCURSO MASCOTA EN 3D, <http://virxedorocio.blogspot.com/2020/04/concurso-crear-unha-mascota-en-3d.html>
- ✓ CONCURSO DE MALABARES,  
<http://virxedorocio.blogspot.com/2020/03/malabares.html>

#### Actividades

	<p><b>ACTIVIDADES DE AULA:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comprensión oral: vídeos.</li> <li>• Comprensión escrita: cuestionarios , lecturas, tipoloxías textuais e tradución.</li> <li>• Expresión oral: grabación de audios</li> <li>• Interactivas cuestionarios, actividades globais e tarefas.</li> <li>• Vídeo conferencias semanais nivel individual ou grupal segundo as necesidades</li> </ul>
<p><b>Metodoloxía (alumno con conectividade e sen conectividade)</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• A metodoloxía didáctica empregada nas sesións durante o confinamento continuará a ser comunicativa, activa e participativa.</li> <li>• Estará enfocada ao logro dos estándares do curso que nos ocupa e das competencias clave.</li> <li>• As tarefas serán globalizadas e facilitarán o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística grazas o deseño, modificación e busca de actividades interactivas e lúdicas que implementen as destrezas lingüísticas matemáticas e asemade a competencia dixital ; polo emprego continuado das aplicacións pertinentes necesarias para a realización das actividades nela propostas.</li> <li>• As actividades propostas para este terceiro trimestre son actividades de recuperación, repaso e reforzo de aprendizaxes anteriores.</li> </ul>

<b>Materiais e recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Tokapp.</li> <li>• Comunicacións telefónicas coas familais..</li> <li>• Zoom e Cisco Webex : video conferencias.</li> <li>• Selección de vídeos.</li> <li>• APPS de distintas editoriais en aberto por mor do COV-19</li> <li>• Materiais variados de distintas webs.</li> </ul>
-----------------------------	---

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Informarase ao alumnado a través do teléfono,videoconferencias ou correo electrónico.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.